

**Se vos conto estes detalles sobre o asteroide B 612, e se vos digo o seu número, é por causa das persoas maiores. As**

**persoas maiores gústanlle** -las cifras. Cando lles falades dun novo amigo, nunca vos preguntan nada esencial del. Non vos preguntan: "¿Cómo é a súa voz? ¿Qué xogos lles gustan máis? ¿Colecciona bolboretas?" Non, as persoas maiores preguntan: "¿Cal é a súa idade? ¿Cantos irmáns ten? ¿Canto pesa? ¿Canto gaña o seu pai?" Pensan que soamente así o poden coñecer. Se lles dicídes: "Vin unha fermosa casa chea de ladrillos cor de rosa, con xeranios nas fiestras e con pombas no tellado...!", non chegan a imaxinar cómo é esa casa. Hai que dicir: "Vin unha casa que vale cen mil pesos". Entón exclaman: "Ah, ¡que fermosa é!"

Así, se lles dicídes: "A proba de que o principiño existiu, é que se trataba dun ser engaiolante, que ría e que quería un año; e o feito de querer un año, é unha proba de que existe", encollerán o lombo e dirán que sodes uns bobos. Pero se lles dicídes: "O planeta de onde viña é o asteroide B 612", entón quedarán convencidos e deixaranvos en paz coas súas preguntas. Son así. non se lles pode ter isto en conta. Os nenos teñen que ser moi indulxentes coas persoas maiores.